



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 23 DE SETEMBRO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á aprobación do expediente de "Subministración e instalación do alumeado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente denominado "Subministración e instalación do alumeado temporal para as celebracións de Nadal do ano 2020", así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación **de 258.432,53 euros**, IVE engadido. (213.580,6 euros máis 21% IVE que ascende a 44.851,93 euros).

3.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á modificación e ampliación do prazo de execución das obras definidas no proxecto modificado denominado "REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR". Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020. Acórdase autorizar a modificación do proxecto de reurbanización da rúa Clara Campoamor nos seguintes termos:

- **Novo modelo de varanda e substitución da súa totalidade.** A modificación proposta, necesaria e acreditada por razóns de interese público, consiste en cambiar o modelo de varanada por outra e substituíla na súa totalidade, en lugar de reparar parte da mesma. As razóns baseanse no mal estado que presenta, que se puxo de manifesto unha vez iniciados os traballos de levantamento do pavimento; e na iniciativa de unificación do deseño de varandas na totalidade da contorna urbana posta en marcha polo Servizo de Proxectos e Obras, tamén posterior á aprobación do proxecto de obra.
- **Substitución da impermeabilización (PVC)** do teito dos sotos colindantes coa obra en execución. A modificación proposta, tamén por razóns de interese público, consiste en introducir unha lámina de PVC que garante a impermeabilización dos sotos.
- **Acabados.** A modificación proposta consiste en substituír o actual acabado pola solución adoptada pola Xunta de Galicia (acabado de formigón pulido en seco) para que a praza, realizada por ambas administracións, teña os mesmos acabados.
- **Importe do orzamento de execución de material das modificacións propostas orzamento final.** O importe das citadas modificacións non supera o 10% de incremento polo que se encadra nas marxes permitidas na LCSP.

Ademais, acórdase autorizar a **ampliación do prazo de execución** das obras por un periodo de dous meses e medio, ata o día 10 de decembro de 2020, como consecuencia das autorizacións das modificacións antes citadas, co obxectivo de concluír a obra con garantías para a administración e para o propio contratista, así como para a seguridade da cidadanía.

Por último, acórdase autorizar a recepción parcial da obra.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación do expediente de execución das obras recollidas no proxecto de reconstrucción de muro na rúa Costiña do Monte, gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente denominado “Execución das obras recollidas no proxecto Reconstrución muro na rúa Costiña do Monte”, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación urgente, establecéndose un tipo de licitación de **107.083,34 euros** IVE engadido (88.498,63 euros máis 21% de IVE que ascende a 18.584,71 euros). A declaración de urxencia do expediente implicará a redución á metade de todos os prazos fixados no prego de cláusulas administrativas de aplicación.